

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 8 DE OUTUBRO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a oito de outubro de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as oito horas corenta e

cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 30 de setembro de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### 2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— Juan Carlos Bardelás Lamas

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 12 de agosto de 2024 (RE-E núm. 463), coas seguintes características:

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	JUAN CARLOS BARDELÁS LAMAS
DNI	██████████
DOMICILIO	LALÍN

DATOS DA OBRA

OBXECTO	REMATE DE FACHADAS DE EDIFICACIÓN AGRÍCOLA EXISTENTE
LUGAR	AGROSAGRO
PARROQUIA	CARBOENTES
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
REFª CATASTRAL INMOBLE	36047A127060380000LI
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Memoria técnica e anexo redactados polo arquitecto Don Alberto Blanco Rodríguez, en datas 15/01/24 e 17/09/24)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	3.692,52 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	DEZ (10) DÍAS
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 02/10/24)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- A eficacia da comunicación queda condicionada ao cumprimento dos condicionantes esixidos polos organismos con competencias sectoriais que emitiron autorizacións e/ou informes no expediente.

Cuarto.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de SETENTA E TRES EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (73,85 €).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

### ***3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE***

— Enxebre Residencial S.L.L.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de cambio de titularidade de actividade, presentada con data 5 de xullo de 2024 (RE núm. 1111), coas seguintes características:

DATOS DO ANTERIOR TITULAR

NOME E APELIDOS	FABIÁN MARCELO CALANDRIA LÓPEZ
DNI	██████████
DOMICILIO	POIO

DATOS DA NOVA TITULAR

RAZÓN SOCIAL	ENXEBRE RESIDENCIAL S.L.L.
CIF	██████████

DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DA FEIRA, PARROQUIA DE RÍO
REPRESENTANTE	MARÍA EMILIA VARELA SOUTO
DNI	██████████

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	VIVENDA COMUNITARIA DE MAIORES
DENOMINACIÓN COMERCIAL	FOGAR ENXEBRE
LUGAR	A FEIRA
PARROQUIA	RÍO
REFª CATASTRAL DO INMOBLE	36047A086006480001AF
TÍTULO HABILITANTE URBANÍSTICO	SI (LICENZA CONCEDIDA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 30/10/14)
TÍTULO HABILITANTE DA ACTIVIDADE	SI (ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 16/12/15)
NÚMERO REXISTRO RUEPSS	██████████
NÚMERO DE PRAZAS AUTORIZADAS	DOCE (12)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto no artigo 24.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar razón da presentación da comunicación previa xunto cos documentos que con ela se achegan e, na súa virtude, declarar a súa eficacia, dando por cumprimentada a obrigaón legal de comunicación do cambio de titularidade da actividade referida.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para os efectos nela sinalados, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

#### **4.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN GRATUÍTA DE USO DE PARCELA CON DESTINO Á MELLORA DA COBERTURA DAS COMUNICACIÓNS MÓBILES NO CONCELLO**

##### ANTECEDENTES

1º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 12 de febreiro de 2020, autorizouse a adhesión do Concello ao Convenio de colaboración suscrito o día 20 de decembro de 2019 entre a AMTEGA e a FEGAMP para a posta en marcha de actuacións encamiñadas a mellorar a cobertura de comunicacións móbiles no rural de Galicia.

2º.- Entre os compromisos que o Concello debe asumir en virtude da adhesión autorizada está, entre outros, a *“cesión de uso de ditas parcelas á Xunta de Galicia a custe cero, por un período de cando menos 15 anos, para a execución, de ser o caso, das infraestruturas de soporte ás redes de comunicación móbil precisas, condicionadas a un uso efectivo das mesmas nun prazo máximo de 3 anos dende a formalización de dita cesión”*.

3º.- O Concello vén de realizar numerosas xestións a fin de acadar a cesión de parcelas de propiedade particular, dada a carencia de propiedades públicas axeitadas, para satisfacer o fin de interese público da mellora da cobertura móbil neste termo municipal.

4º.- Entre as xestións realizadas pola Alcaldía, considerouse a posibilidade de situar unha nova antena nunha parcela idónea de titularidade privada sita no lugar de Asperelo, parroquia de San Martiño de Asperelo.

5º.- O propietario da parcela, por escrito de data 7 de outubro do corrente (RE núm. 1636), accede á cesión de uso solicitada.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Entre as competencias propias dos municipios establecidas legalmente está, entre outras, *“a promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións”* (artigo 25.2 ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local). Para acadar dito obxectivo resulta imprescindible dispor dunhas infraestruturas de comunicación axeitadas que satisfagan ás necesidades da veciñanza.

Segundo.- O artigo 12.1 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, dispón textualmente: *“A adquisición de bens a título gratuito non estará suxeita a restrición algunha”*.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

## ACORDO

Primeiro.- Aceptar a cesión gratuita de uso, polo período de quince anos, do seguinte ben inmovible:

TITULAR: JOSÉ FAFIÁN LOIS

DNI: ██████████

DOMICILIO: LUGAR DE ASPERELO, PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DE ASPERELO

REFERENCIA CATASTRAL: 36047A119006040000LQ

LUGAR: ASPERELO

PARROQUIA: SAN MARTIÑO DE ASPERELO

SUPERFICIE TOTAL DA PARCELA: 5.290,00 m<sup>2</sup>

SUPERFICIE CEDIDA: 81,00 m<sup>2</sup>

FINALIDADE: Instalación de antena de telefonía móbil (Convenio AMTEGA-FEGAMP)

Segundo.- Agradecer expresamente ao propietario da parcela a súa dispoñibilidade e colaboración co Concello na satisfacción do interese público concernido.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde, para que na representación que legalmente ostente, asine o correspondente documento de cesión e canta documentación resulte necesaria para a efectividade do acordado.

***5.- APROBACIÓN DE SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA) E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A POSTA EN MARCHA DE ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS A MELLORAR A COBERTURA DE COMUNICACIÓNS MÓBILES NO RURAL DE GALICIA***

**ANTECEDENTES**

1º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 12 de febreiro de 2020, autorizouse a adhesión do Concello ao Convenio de colaboración suscrito o día 20 de decembro de 2019 entre a AMTEGA e a FEGAMP para a posta en marcha de actuacións encamiñadas a mellorar a cobertura de comunicacións móbiles no rural de Galicia.

2º.- Tendo en conta que zonas do ámbito municipal do Concello foron beneficiarias dun proxecto para a mellora da cobertura móbil, cómpre proceder á aprobación dunha segunda Addenda a dito Convenio onde se concreten os compromisos que este Concello debe asumir para a efectividade do mesmo.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

## ACORDO

Aprobar a segunda Addenda ao Convenio de Colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a posta en marcha de actuacións encamiñadas a mellorar a cobertura de comunicacións móbiles no rural de Galicia e, en consecuencia, asumir os seguintes compromisos:

Primeiro.- Reiterar a vontade, manifestada mediante acordo deste órgano de data 12/02/20, de adherirse ao Convenio de colaboración subscrito o 20 de decembro de 2019 entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a posta en marcha de actuacións encamiñadas a mellorar a cobertura de comunicacións móbiles no rural de Galicia (en adiante CONVENIO).

Segundo.- Asumir os termos establecidos no CONVENIO, en concreto, comprometerse á posta a disposición da seguinte parcela indicada na solicitude para a execución das infraestruturas de soporte ás redes de comunicacións móbiles precisas para mellorar a cobertura nas zonas identificadas que a continuación se detalla:

- ✓ Superficie de 81,00 m<sup>2</sup> da parcela con referencia catastral 36047A119006040000LQ, situada na paraxe “*Entrenabeiras*” do lugar de Asperelo, parroquia de San Martiño de Asperelo.

Terceiro.- Asumir as seguintes obrigas, segundo o establecido na cláusula décimoquinta do convenio:

- Por a dispor as parcelas (terreos ou infraestruturas existentes) referidas na solicitude de adhesión para a execución, de ser o caso, das infraestruturas de soporte ás redes de comunicación móbil precisas para mellorar a cobertura nas zonas identificadas, entendendo por posta a dispor o cumprimento de todas as seguintes premisas:
  - Cesión de uso de ditas parcelas á Xunta de Galicia a custo cero, por un período de cando menos 15 anos, para a execución, de ser o caso, das infraestruturas de soporte ás redes de comunicación móbil precisas, condicionadas a un

uso efectivo das mesmas nun prazo máximo de 3 anos dende a formalización de dita cesión.

- Colaborar na execución da acometida eléctrica a ditas parcelas nos termos previstos na cláusula décimo quinta do presente Convenio.
  - Garantir a dispoñibilidade de acceso ás citadas parcelas para poder realizar adecuadamente as tarefas de instalación e explotación das infraestruturas e equipamento.
- Facilitar a consecución dos permisos de execución das infraestruturas, redes de comunicación móbil e acometidas eléctricas precisas para mellorar a cobertura nas zonas identificadas.
  - Colaborar no financiamento das actuacións derivadas do presente convenio, nos termos previstos na cláusula décimo quinta do presente Convenio.
  - Someterse ás actuacións de comprobación que con respecto á xestión dos fondos do presente convenio pode efectuar a Amtega ou a Consellería do Medio Rural, ás de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como os controis que poidan realizar as institucións comunitarias, tendo en conta que se trata de actuacións cofinanciadas parcialmente con fondos comunitarios.
  - A sinatura do presente convenio pola entidade local conleva a declaración do cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario, segundo o artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
  - Acreditar que a entidade local cumpriu o deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, de acordo co indicado no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

Cuarto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación que ostenta do Concello, asine a correspondente Addenda ao

Convenio e cantos documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

## **6.- CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA MUNICIPAL**

### ANTECEDENTES

1º.- Con data 17 de setembro de 2024 a Xunta de Goberno Local adxudicou á sociedade CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. o contrato de obras para a execución do investimento denominado *“PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN RAÑESTRAS. CONCELLOS DE RODEIRO E DOZÓN”*.

2º.- A preceptiva acta de comprobación do reformulo asinouse o día 24 de setembro de 2024, fixándose o prazo de execución da obra adxudicada en dúas (2) semanas, contadas a partires do día seguinte da sinatura de dito documento.

3º.- En data 7 de outubro do corrente (RE-E núm. 564), Dona Ana Isabel Taboada Ramos, na representación da sociedade adxudicataria, solicita unha ampliación do prazo de execución da obra polos motivos que especifican no escrito de solicitude.

4º.- A dirección facultativa das obras emite, con data 07/10/24, informe favorable á prórroga solicitada.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 193 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), dispón literalmente: *“O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva”*.

Segundo.- O artigo 195.2 do citado texto legal establece que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos ampliando o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

### ACORDO

Conceder á adxudicataria CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. unha ampliación, ata o día 22 de outubro de 2024, no prazo de execución da obra denominada “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN RAÑESTRAS. CONCELLOS DE RODEIRO E DOZÓN”.

### **7.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA DE “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN RAÑESTRAS. CONCELLOS DE RODEIRO E DOZÓN”**

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1 correspondente á obra de “Pavimentación de camiño municipal en Rañestras. Concellos de Rodeiro e Dozón”, por importe de CINCO MIL DOUSCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (5.299,70 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director da obra Don Román Gómez Fraiz.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 5.299,70 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2024-300 (FACe), de data 03/10/24, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

## **8.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN FINAL E LIQUIDACIÓN, E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “ACTUACIÓNS DE MELLORA DO PUNTO LIMPO DE RODEIRO”**

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación final e liquidación correspondente á obra de “*Actuacións de mellora do punto limpo de Rodeiro*”, por importe de CINCO MIL TRESCENTOS ONCE EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (5.311,89 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director da obra Don Juan Carlos Bardelás Lamas.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra REFORMAS LOURECÓN 2020 S.L., por un importe de 5.311,89 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 41 (FACe), de data 19/09/24, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 3 de outubro de 2024, na que se fai constar que “as obras realizadas, agás vicios ocultos, atópanse en bo estado, sendo executadas baixo o seguimento do facultativo encargado da súa dirección, cos axustes recollidos na memoria final de obra e na certificación final de obra con liquidación”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar a memoria explicativa do estado final da obra asinada pola dirección facultativa en data 22/07/24.

**9.- DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “CONSTRUCCIÓN DE CUBERTA EN PISTA DE PÁDEL EXISTENTE” (EXPEDIENTE [REDACTED])**

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 13 de setembro do corrente, iniciouse o procedemento de adxudicación da obra de “CONSTRUCCIÓN DE CUBERTA EN PISTA DE PÁDEL EXISTENTE”. Aos citados efectos, publicouse con data 16/09/24 o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP).

Porén, durante o prazo de presentación de proposicións, que rematou o día 30 de setembro do corrente, non se presentou ningunha proposición á devandita licitación.

En consecuencia, debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar deserto o procedemento de adxudicación da obra de “CONSTRUCCIÓN DE CUBERTA EN PISTA DE PÁDEL EXISTENTE” (expediente [REDACTED]).

Segundo.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante do Concello de conformidade co esixido no artigo 63.3 da LCSP.

**10.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POR AUGAS DE GALICIA DESTINADA Á REALIZACIÓN DUNHA AUDITORÍA MUNICIPAL DOS SISTEMAS DE ABASTECIMENTO ENCAMIÑADA Á ELABORACIÓN DUN PLAN DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA**

En relación á subvención outorgada por Augas de Galicia, por resolución de data 17/07/24 e por importe de 6.582,40 €, para o financiamento

da actuación denominada “*realización dunha auditoría dos sistemas de abastecemento no Concello de Rodeiro encamiñada á elaboración dun plan de actuación para minimizar as perdas de auga*”, ao abeiro da Resolución do 26 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2024, mediante tramitación anticipada de gasto (DOG núm. 19, do 26/01/24). – Expediente [REDACTED], procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

- Subvención concedida: 6.582,40 €
- Gasto realizado:

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
SUARNAS SISTEMAS S.L.	[REDACTED]	2024S-38	30/09/2024	08/10/2024	8.228,00 €

- Cantidade xustificada: 8.228,00 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición de Augas de Galicia, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

## **11.- DESIGNACIÓN DOS/AS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DENOMINADO “ADQUISICIÓN DUNHA RETROEXCAVADORA DE SEGUNDA MAN”**

De conformidade co establecido na cláusula 14ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato administrativo de subministro denominado “ADQUISICIÓN DUNHA RETROEXCAVADORA DE SEGUNDA MAN”, en relación ao disposto no artigo 326 e na DA 2ª, apartado 7, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros da mesa de contratación do subministro denominado “ADQUISICIÓN DUNHA RETROEXCAVADORA DE SEGUNDA MAN” ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: O alcalde do Concello.

VOGAIS: José Mª Novo Ramos, secretario-interventor do Concello.

Yolanda Aguiar Jorge, técnica municipal de Medio Ambiente.

SECRETARIO: Francisco J. Lamazares García, funcionario do Concello.

## **12.- RECOÑECIMENTO DE COMPLEMENTO DE ANTIGÜIDADE A TRABALLADORA LABORAL INDEFINIDA DO CONCELLO**

VISTA a petición formulada pola traballadora laboral indefinida, coa categoría de mestra do Punto de Atención á Infancia (PAI), Dona Inés Vence Lamas (RE núm. 1609, do 02/10/24), solicitando o recoñecemento do sexto trienio.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballadora laboral deste Concello, así como os servizos previos recoñecidos polo Concello e o tempo transcorrido dende a súa contratación laboral.

RESULTANDO que a Xunta de Goberno Local, por acordos adoptados nas sesións celebradas os días 22 de marzo de 2011, 8 de novembro de 2012, 4 de novembro de 2015, 18 de outubro de 2018 e 14 de outubro de 2021, recoñeceulle o dereito ao percibo de cinco trienios.

VISTOS o Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordantes e complementarias, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER á traballadora laboral indefinida Dona Inés Vence Lamas o seu dereito a percibir o sexto trienio con data de consolidación do día 22 de setembro de 2024 e con efectos económicos do día 1 de outubro de 2024.

### **13.- SUPRESIÓN DO SERVIZO MADRUGA DENTRO DA ACTIVIDADE “CONCILIA EN PERÍODO LECTIVO PARA O CURSO 2024-2025”**

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 28 de agosto do corrente, aprobouse un servizo madruga dentro do programa Concilia Rodeiro, a prestar de luns a venres en horario de 08:00 a 09:30 horas. A concelleira-delegada de Infancia informa que, ata a presente data, soamente se inscribiu para gozar dese servizo un único usuario, polo que non resulta rendible nin proporcionado para o interese público manter dito servizo en tanto non exista un número de usuarios/as máis numeroso.

Polo exposto, debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Suprimir, con data de efectos do día 1 de outubro do corrente, o servizo madruga integrado na actividade “*Concilia en período lectivo para o curso 2024-2025*”.

## 14.- XXX EDICIÓN DA XUNTANZA DA TERCEIRA IDADE

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da conveniencia de proceder á celebración dunha nova edición da tradicional Xuntanza da Terceira Idade, e propón para a súa celebración o vindeiro venres día 11 de outubro do corrente.

Mantense o copagamento do xantar, distinguindo entre os destinatarios principais da xuntanza (maiores de 65 anos e beneficiarios de pensións públicas) e os demais interesados en participar, sendo os custes restantes do xantar nos supostos subvencionados, así como o da totalidade das actividades complementarias ao mesmo, aboados integramente polo Concello.

O Sr. alcalde manifesta que o custe estimado da xuntanza suporá un gasto aproximado de 16.000 €. O Sr. secretario-interventor pon de manifesto que os datos da contabilidade municipal amosan unha evidente limitación na consignación da partida orzamentaria de aplicación do orzamento prorrogado en vigor (231/226), cunha alta porcentaxe de gasto xa comprometido, o que podería derivar nunha eventual nulidade do gasto que se dispoña e a interposición, de ser o caso, de reparos suspensivos ás facturas que se presenten polo citado concepto.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Sr. alcalde e por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Organizar a XXX Edición da Xuntanza da Terceira Idade o vindeiro día 11 de outubro de 2024.

Segundo.- Establecer, para o financiamento compartido do custe do xantar, as seguintes cotas:

- Maiores de 65 anos empadroados no Concello: 10,00 €.
- Menores de 65 anos empadroados no Concello que perciban algunha prestación con cargo ao sistema público de pensións (xubilación, invalidez, orfandade, RISGA ou equivalente): 10,00 €.
- Interesados en xeral: 30,00 €.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que dispoña o necesario para a organización e desenvolvemento da Xuntanza programada.

## 15.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- MARÍA ISABEL CONDE MOURE 192,89 €  
Por confección de arranxos florais para actos protocolarios, s/factura núm. A/234.
- ANA BELÉN MENOYO GARCÍA 26,44 €  
Por subministro de doces para actos protocolarios, s/factura núm. 13480.
- SERTECO-OR S.L. 105,95 €  
Por subministro de tinta para impresoras, s/factura núm. 24A/1352 (FACe).
- TELFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 148,83 € E 525,24 €  
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7DP0001547 e TA7DP0001548 (FACe).
- TELFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 €, 0,00 € E 48,90 €  
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-J4DD-004900, 28-J4DD-043416 e 28-J4M0-028112 (FACe).
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 169,81 € E 19,27 €  
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de agosto de 2024, s/facturas núm. 4004086168 e 4004100063 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 512,32 € E 203,77 €  
Por seguros anuais de vehículos municipais, s/facturas núm. 75202419900020007055 e 75202419900020007203 (FACe).

- FELIPE LÓPEZ CORRAL 254,10 €  
Por visitas ás instalacións eléctricas municipais para redacción de proxecto do IDAE, s/factura núm. 866.
- MARÍA ELENA JORGE MATO 88,66 €  
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- ALFONSO DOVAL CIDRE 81,25 €  
Por gasto de desprazamento para o Concello, s/minuta.
- RODOIL S.L 67,19 € E 67,57 €  
Por subministro de combustible aos vehículos da AVPC no mes de agosto de 2024, s/facturas núm. 2024/24/000319 e 2024/24/000320 (FACe).
- ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA IMAXINARIUM 3.280,00 €  
Por desenvolvemento do programa “*Concilia en período lectivo 2024*” no mes de setembro de 2024, s/factura núm. 0008/0000001 (FACe).
- AGROCAMBA V. FARO S.L 70,00 €  
Por subministro de luvas para as auxiliares do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF), s/factura núm. 24FV 1541.
- DIGNA GONZÁLEZ CASTRO 183,80 €  
Por subministro de calzado de traballo para auxiliares do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF), s/factura núm. A2407.
- MÁIS ESCOLA S.L. 263,06 €  
Por subministro de diverso material para o Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. FAC/801.
- MARCOS GARCÍA VILLANUEVA 1.005,51 €  
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeado público municipal, s/factura núm. G-20240099.

- MARÍA JOSÉ DÍAZ MARTUL 120,14 €  
Por reparación de pneumáticos de vehículos municipais, s/factura núm. A/2737.
- ALUMINIOS APERGLASS S.L. 1.235,65 €  
Por colocación de vidros nos vestiarios do campo de fútbol de Río, s/factura núm. 20240094.
- SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA S.L. 305,45 €  
Por subministro de materiais de abastecemento para obras municipais, s/facturas núm. 24-LAL/3911 (FACe).
- LINCOLD IBÉRICA S.L. 134,12 €  
Por traballos de reparación de bomba do abastecemento de auga, s/factura núm. FV/00003816 (FACe).
- DICAR CONTRAT S.L.U. 4.307,60 €  
Por instalación de depósito de auga no lugar de Barregallos, s/factura núm. 2024-0091 (FACe).
- MIGUEL CONDE VALES 56,41 €  
Por subministro de material de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. S-201800619.
- RODOIL S.L. 244,45 €, 231,74 €, 310,08 €, 886,34 € E 136,73 €  
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de agosto de 2024, s/facturas núm. 2024/24/000321, 2024/24/000323, 2024/24/000324, 2024/24/000325 e 2024/24/000326 (FACe).
- RODOIL S.L. 25,77 €  
Por subministro de combustible á máquina varredora no mes de agosto de 2024, s/factura núm. 2024/24/000322 (FACe).

- MIGUEL CONDE VALES 262,34 €  
Por subministro de malla para obra pública no lugar de Cuñarro, s/factura núm. S-201800625.
- HORMIGONES MONTERROSO S.L. 1.057,60 €  
Por subministro de formigón para obras municipais, s/factura núm. 0/520 (FACe).
- SUARNAS SISTEMAS S.L. 8.228,00 €  
Por traballos de realización de auditoría dos sistemas de abastecemento do Concello, s/factura núm. 2024S-38 (FACe) – subvención Augas de Galicia.
- PABLO GARCÍA PAIS 13.297,90 €  
Por adquisición de cortacésped, s/factura núm. 20254-0166 – subvención Fondo de Compensación Ambiental 2024.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)